



Concluída a ampliación do aparcadoiro de Granitos con máis de 130 prazas

Páxina 5

Club Natación Pontareas, campión galego na clasificación conxunta

Páxina 7

O Concello de Salvaterra reúne con Conservas Albo

Páxina 8

Expediente contra Mondariz Balneario polo estado ruinoso do Hotel Roma

Páxina 9

Mondariz e Covelo inauguran o obradoiro dual "Medrando entre todos/as"

Páxina 10

Entrevista con Eduardo Soutullo García Compositor vigués

"A situación actual en España para a música e a composición é paradoxal"

Páxina 3



Portugal - Alto Minho

Câmara Municipal testa covid-19 a toda a comunidade escolar de Ponte da Barca

Páxina 13

Arrancaram as obras no antigo Hotel do Peso, em Melgaço

Páxina 14

Vai nascer o "Habitat Criativo" no antigo armazém da CP, em Monção

Páxina 15

Alto Minho ultrapassou a barreira dos 10.000 infetados

Páxina 16

CONFITERIA

Regino

Nova gama de productos selectos:
Rocas de chocolate, Tarta de té,
Sublime de cacao, Tarta de frambuesa

Tartas personalizables coa túa foto ou debuxos infantís a partir de 2 kgs.

Especialidade en rosquillas e melindres



Rúa Reveriano Soutullo, Pontareas

986 640 834

EDITORIAL

Sinatura convidada: Roberto Mansilla Blanco

Sánchez tamén "parla català"

Mentres o mundo asistía atónito ao surrealista asalto ao Capitolio estadounidense, a política española abría o 2021 con novos escenarios a curto prazo. E non ten que ver coa tormenta Filomena nin o prezo da luz. Estes escenarios enfócanse nos pasos que o goberno de Pedro Sánchez aparentemente estaría impulsando para darlle un xiro copernicano ao espazo político estatal.

A designación de Salvador Illa como candidato do PSOE para as eleccións cataláns, finalmente previstas para o próximo 30 de maio, confirma varias destas expectativas. O enfoque de Sánchez está claramente orientado a sepultar o procés, creando unha atomización política dentro

do espazo soberanista catalán no que A Moncloa teña a chave de mando.

Esa atomización tamén se observa no espazo electoral independentista, con ata nove candidaturas: JxCAT, ERC, CUP, PDeCAT, PNC, UPO, Primàries, Vía Única e Coalición de Represaliades. Por tanto, Sánchez busca con Illa de candidato ensaiar unha vía propia "post-procés" que implique pasar páxina da influencia de Puigdemont e de Torra.

De saírle ben a xogada política-electoral, Sánchez enviaría un claro mensaxe a tódolos actores políticos en Madrid de que ten bazas suficientes para apostar con forza no ruído político. Por unha banda, a Unidas PODEMOS, o seu socio, co

cal non se coñece con exactitude se é unha coalición circunstancial na que xa afloran algunhas diverxencias. Pero tamén de cara á oposición, PP, VOX e Cidadáns, igualmente atomizados nas súas estratexias para saír deste goberno.

Por tanto, a política estatal apréstase a un reto electoral en Cataluña. Neste reto tamén entra o soberanismo catalán, que pode incluso saír reforzado con outras caras. Mencionamos aquí a Laura Borràs, candidata de JxCAT, que imprime ar fresco e novas perspectivas. E igualmente estará por ver a opción ERC, que pode dar un salto cualitativo nestes próximos comicios.

Pero neste contexto de atomización, as

expectativas electorais soen ser incertas. E

mais no caso catalán, que moita "calabaza" lle ten dado á Moncloa nos últimos anos. Da acertada lectura que os partidos estatais realicen destas eleccións cataláns dependerá, en gran medida, como se desenvolverá esta nova etapa da política estatal.

Con Illa, Sánchez aposta con forza en Cataluña. Sabe que alí xógase unha chave política decisiva neste 2021 determinado polas vacinas da pandemia. Con esta aposta, buscará "vacinar" o procés catalán buscando unha vía alternativa? As urnas, de novo, ditarán a súa particular sentenza.



OPINIÓN

Xosé González Martínez. *Presidente do Foro E. Peinador.

Almanaque Agrícola ZZ

Ao longo da miña vida teño estado en moitísimas casas labregas onde nunca mirei un libro escrito en lingua galega. Sen embargo era común que houbera unha colección do "Almanaque Agrícola ZZ"; unha publicación de 80-85 páxinas dedicada á divulgación de produtos químicos para combateren as pragas do agro galego elaborados por Zeltia Agraria, S.A nos seus laboratorios do Porriño. Estes laboratorios foron fundados polos investigadores Ramón Obella Vidal e Fernando Calvet aos que posteriormente se sumarían os irmáns Fernández López, empresarios de inequívoca conduta galeguista (sobre todo Antonio), que contaron cos mellores e prestixiosos científicos do seu tempo. Nas súas instalacións respirábase un ambiente antifranquista, galeguista e republicano. Xabier Alcalá na súa obra "Unha falsa luz", fala da presenza de moitos desafectos ao réxime que traballaban nunha rede axentes comerciais da que formaban parte tamén moitos protestantes da igrexa evanxélica mal vistos polo réxime.

Foron os primeiros en utilizaren a lingua galega na publicidade en tempos de proscripción. Porén, os gobernantes toleráronlles a excepcionalidade do seu uso aos irmáns Fernández que lles estaba prohibida aos

demaís. Os Fernández eran empresarios poderosos.

O Almanaque Agrícola ZZ ten o acerto, aínda non recoñecido na medida que se debiera, de conxugar a utilidade de espallar nos medios labregos, maioritariamente galegos, iletrados na súa propia lingua, a existencia dunha ampla gama de produtos fitosanitarios e avezalos no seu uso coa divulgación do patrimonio cultural. Por esta razón consideramos que a publicación serviu para dignificar o galego pola divulgación das propiedades científicas que facían dos seus produtos. Esta foi a grandeza desta publicación popular que contiña receitas para curar todas as pestes que puñan en perigo a economía agraria dos labregos. As pestes podían significar a ruína familiar e a inevitable emigración.

Esta publicación que nace en 1952, co

paso do tempo converteuse nunha institución, nunha ferramenta útil e esperada con impaciencia polas novidades que ofrecía e nun compañeiro case que inseparable de todas aquelas xentes vencelladas ás actividades agrarias.

Un editorial correspondente ao número do ano 2020, explica deste xeito "A publicación do almanaque comezou coa idea de divulgar coñecementos agrarios de modo

moi concreto, sinxelo e quizais entretido. O resultado final de tal acerto, en termos de aceptación e cariño ao "Almanaque Agrícola ZZ" vén refrendado por case que cen mil exemplares anuais, que se espallan de modo gratuito. Trátase dunha publicación que quixo manter un carácter tradicional e enxebre pero ao tempo innovador. Adiantouse no tempo, con criterio fundado, sendo pioneiro e profeta

na súa terra; avanzou consellos de cuestión agronómicas en plena aplicación e desenvolvemento. Falamos de métodos culturais, loita fitosanitaria ou mesmo de preservación e recuperación de razas ou castes autóctonas

e ancestrais en ganadería, horticoltura, cereais e sobor de todo viñado".

O "Almanaque Agrícola ZZ", foi unha iniciativa de Fidel Isla Couto, directivo e accionista de Zeltia. Durante moitos anos foi dirixida polo médico e investigador Ricardo García Suárez, máis coñecido polo pseudónimo de "Xohán Ledo", mentres foi ilustrador dos libros da editorial Galaxia. A militancia nas Irmandades da Fala e no Partido Galeguista de Antonio Fernández López explica ese espírito de galeguidade que se vivía nos laboratorios.

Outro dato importante é que malia as segregacións da empresa matriz por mor das alianzas con capital foráneo, o Almanaque seguiu publicándose en galego dado o prestixio e éxito publicitario acadado. Na colección atopamos editores distintos: Zeltia Agraria, a primixenia, Zeneca Agro e Syngenta. Esta multinacional suíza, especializada en solucións químicas para a agricultura foi absorvida pola chinesa China Chemical National Corporation, a actual propietaria. Os chineses continúan co uso do galego.

Mágoa que os empresarios matriculados nas Escolas de Negocios e profesionais da comunicación non estuden a importancia que tivo na historia da publicidade o "Almanaque Agrícola ZZ".



Por Roberto Mansilla Blanco

Eduardo Soutullo García. Compositor vigués

"A situación actual para a música e a composición en España é paradoxal"

Eduardo Soutullo (Vigo, 1968) é un dos compositores galegos e españois con maior proxección e recoñecemento a nivel internacional. Vén de publicar en Amazon a súa no-

vela "Olozábal, el último zarzuelista, en el Madrid de la movida". Sobre a súa obra musical e literaria e os proxectos futuros falounos nesta entrevista para A Peneira-Novas do Eixo Atlántico.

1. Acaba de lanzar unha novela por Amazon, de nome "Olozábal, el último zarzuelista, en el Madrid de la movida" Qué nos pode comentar sobre este libro?

É unha novela protagonizada por un compositor de zarzuelas nonaxenarío que atópase nun ambiente totalmente contrario aos seus gustos musicais. O público potencial da novela non só sería o dos melómanos senón tamén todo aquel lector que guste do xénero de humor que cuestiona e pon "patas arriba" ao sector dos denominados xestores da música. A acción da novela ten lugar en medio do efervescente ambiente da movida dos primeiros anos 80 en Madrid e Galicia, con referencias que van dende a licenciada corte de Felipe IV ás Luces de Bohemia. A novela fala de que a música é un arte nobre, cualidade non necesariamente presente en moitas das persoas que adícanse a ela. Directores de teatro, intérpretes, programadores e demais. O frustrado intento do protagonista de poñer en escena a súa zarzuela levarálle

a unha cruzada persoal contra toda esa maquinaria. Unha aventura quixotesca nun universo próximo ao de Las partículas elementales de Michel Houellebecq ou de La conjura de los necios de John Kennedy Toole.

2. Do mesmo xeito, cómo combina a faceta de compositor con agora a de escritor?

Escribín a novela entre xullo e agosto de 2020, é dicir en período de vacacións. O resto do ano dedícome, cando podo, á composición.

3. A pandemia obrigou a cambiar radicalmente, entre outros aspectos, as novas formas de traballar. O mundo dixital comeza a impor o seu ritmo. Dende a súa perspectiva de músico e de compositor, cómo observa este cambio?

A forma na que un compositor ou un escritor poiden tentar dar a coñecer a súa obra xa non é a que era fai 30 anos. Hoxe o compositor pode enviar as súas partituras a un concurso na outra parte do mundo por enderezo electrónico. Os discos, CD etc son xa parte do pasado. Practicamente todo escóitase en streaming. A miña no-

vela está publicada unicamente en formato ebook a través de Amazon porque permite ao lector acceder, a través de hipervínculos, á música que escoitan as distintas personaxes da novela.

4. Considera que estamos nun bo momento para a música e a composición en Galicia e España?

A situación actual é paradoxal. En España temos algo que fai 40 anos non podíamos nin soñar, que é o feito de contar con 30 orquestras sinfónicas profesionais. Sen embargo, coas actuais normas sanitarias, estas orquestras tocan para a penas 30 espectadores como máximo en cada concerto mentres que os avións nos que viaxan os solistas ou directores desas orquestras van ateigados de xente

5. Gostaríanos igualmente coñecer a súa posible relación co histórico músico Reveriano Soutullo Otero. Que opinión lle merece a súa música? E tamén coñecer a súa opinión sobre o compositor Rogelio Groba, igualmente natural de Ponteareas.

Son dous dos autores galegos



máis recoñecidos e populares. O Pasodoble de Ponteareas, por exemplo, ten sido interpretado en numerosas ocasións por The Band of the Welsh Guards no Pazo de Buckingham e romanzas como "Bella enamorada" ten sido interpretada por Plácido Domingo e José Carreras. Con isto, xa está todo dito

6. Se lle pido unha nota do 1 ao 10, que puntuación daría a cada un destes dous músicos galegos tan importantes como Soutullo Otero e Groba?

Dicía o compositor Bela Bartok que as competicións son para os cabalos de carreiras, non para os artistas...

7. Ten recibido varios premios e recoñecementos internacionais. Qué proxectos ten en mente para este 2021?

O próximo mes de marzo, dentro do Festival Musika-Música en

Bilbao, terá lugar o estreo da miña obra I can't breathe, obra encargada pola Orquestra Sinfónica de Galicia, que a estreará baixo a dirección do seu director titular Dima Slobodeniouk.

En xuño de 2021, no Auditorio de Tenerife, a Sinfónica de Tenerife interpretará a miña obra Alén, gañadora do X Premio de Composición Musical AEOS-Fundación BBVA. Esta obra está inspirada na "PORTA DO ALÉN" situada na Serra do Cando (Pontevedra). Máis información en: <https://auditoriode-tenerife.com/es/xvi-programa>

En agosto de 2021 estrearase a miña obra "Qebui", no Solent Music Festival. (Lymington, Reino Unido). Esta obra obtivo o primeiro premio nol Lawson-May Award for Composition entre 524 partituras de todo el mundo. Máis información en: <http://solentmusicfestival.com/lmaward/>



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Tradución e corrección: Montserrat Rodríguez
cursosspanhol.cep@gmail.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
(36860 PONTEAREAS - GALIZA)
T. 986 64 12 69 - x.foroapeneira@gmail.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Dpto. propio e axencias
x.foroapeneira@gmail.com

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores: Luzro81@hotmail.com, Anxo S. Porto Ucha, Raquel, Carlos Méixome, Vázquez, Manuel X. Xiraldez, Fco. Puñal Suárez, X.A. Pérez Lema, Xosé González Martínez, Manuel Bragado, Baldomero Iglésias (Mera), Nicolás Xamardo, Nemesio Barxa, Andrea Goro, Anxo Mena, Inma Otero Varela, Manso Preto, Isabel Varela, Francisco Álvarez-KOKI.

Depósito legal: VG 226-2018

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

A Xunta ordena o peche perimetral de Ponteareas pola COVID

A Xunta de Galicia ordenou o peche perimetral en 60 concellos, entre os que se atopa Ponteareas, quedando prohibida a saída da localidade agás para desprazamentos xustificadas. Ponteareas sitúase no nivel máximo de restricións, ao contar con 88 novos casos positivos (13/01/2021) e

unha incidencia acumulada ao redor de 300.

Estas medidas entraron en vigor o venres 15 de xaneiro, tras a súa publicación no DOGA. Destacan o adiamento do toque de recollida ás 22 horas, a limitación das xuntanzas públicas e privadas a grupos que non superen as catro persoas,

o peche da hostalaría ás 18 horas, sen servizo no interior e unicamente cun aforo do 50% en exterior, o peche comercial ás 21:30h, cun aforo máximo do 50%, e a limitación á catro persoas como máximo da actividade deportiva non federada, cun aforo interior que non supere o 50%.

Ponteareas pon en marcha un sistema de reservas en liña para as pistas de tenis

O concelleiro de deportes en funcións do Concello de Ponteareas, Miguel Bouzó, vén de anunciar a posta en marcha dun novo sistema de reserva das pistas de tenis municipais, situadas na Freixa.

Trátase dunha plataforma en liña que permite aos usuarios comprobar ao momento a dispoñibilidade das pistas, reservando aquela franxa horaria que máis lle conveña de xeito totalmente gratuíto calquera día da semana.

Cada persoa usuaria disporá dunha hora e media cada día, e só poderá manter dúas reservas activas ao mesmo tempo, o sistema permite tamén a cancelación con ata 12 horas de antelación. "Deste xeito, evitamos que unha única persoa realice reservas indiscriminadas e

garantimos a posibilidade de que calquera veciña ou veciño poida acceder en igualdade de oportunidades", sinalou o concelleiro.

A través dun enlace - <http://reservasdeportivas.ponteareas.gal/> - as e os usuarios deberán rexistrarse na plataforma. Unha vez iniciada a sesión, seleccionarán que pista das dispoñibles queren empregar e tras cada reserva recibirán un correo electrónico de confirmación.

Colaboración co Club Tenis Ponteareas

Ademais, o Concello de Ponteareas asinou recentemente un convenio de colaboración co Club



O concelleiro Miguel Bouzó

Tenis Ponteareas. Nese documento, entre outros acordos, o Concello cede a dito club o uso de dúas das pistas municipais para o desenvolvemento dos seus adestramentos e competicións federadas, contribuíndo así á formación de deportistas que desexen practicar esta modalidade deportiva.

Ponteareas aproba por unanimidade ingresar no Eixo Atlántico

A Corporación de Ponteareas aprobou por unanimidade no último pleno de 2020 a súa adhesión ao Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, entidade que promove a cooperación entre Galicia e o Norte de Portugal. Ponteareas xa solicitara formar parte da asemblea do Eixo Atlántico, que reúne a cerca de 40 municipios.

O bipartito BNG-PSdeG

considera que a adhesión se produce nun intre crucial, pois o Eixo Atlántico definiu un plan estratéxico para a recuperación fronte á pandemia. As súas liñas de actuación van dirixidas á revitalización económica, a transición dixital, a transición verde, a cohesión social e a cultura, pero tamén no relativo a definir o destino dos fondos de reconstrución da Unión Europea.

Meses nos que se poderá renovar o DNI en Ponteareas

Neste ano 2021 poderase renovar o DNI na Casa do Concello nos meses de febreiro, abril, xuño, setembro e novembro.

A Policía Local a través do sitio web do Concello e das súas redes sociais informará con quince días de antelación do prazo para

solicitar cita previa, non podendo solicitarse a cita antes de que estea aberto o prazo.

No mes de febreiro a renovación do DNI será o día 18 e a entrega o día 24, o prazo de solicitude de cita para estas datas abrirase o día 1 de febreiro ás 08:00 horas.

www.novasdоеixoatlantico.com



Tlf.: 986 65 80 18
Fax: 986 65 82 69
Móbil: 608 88 01 23

Chan da Salgosa. Oleiros
Salvaterra de Miño

Aridos do Mendo, s.l.



Aridos e Formigóns

Concluída a ampliación do aparcadoiro de Granitos que oferta máis de 130 prazas

O Concello de Ponteareas informa que concluíu os traballos de ampliación do aparcadoiro de Granitos de Galicia que agora oferta un total de 133 prazas de estacionamento. Durante esta semana procedeuse a instalar o peche perimetral metálico do aparcadoiro e ao pintado das prazas de aparcamento e zonas de circulación.

O concelleiro de Mobilidade e Tráfico, Roberto Mera, informou tamén da adjudicación dos traballos de acondicionamento do solar situado na rúa Sarmiento Rivera, fronte ao cuartel da Garda Civil. “Nos vindeiros días darán inicio os traballos que se prolongarán varias semanas. Neste caso, prevese que o novo aparcadoiro poda acoller unha cifra superior aos 200 vehículos”. Ademais, a vindeira semana abrirase tamén o novo aparcadoiro da rúa Alexandre Bóveda na esquina con Rúa Redondela, que conta con 33 prazas.

Roberto Mera salientou que “con estas actuacións avanzamos



cara un modelo de vila no que se ofrecen amplos aparcadoiros céntricos dende os que en poucos minutos camiñando se pode chegar a calquera lugar”. Mera lembrou que “a nosa intención é reducir o tránsito de vehículos no centro e incrementar as zonas para camiñar e pasear, mellorando a calidade de vida, reducindo a contaminación acústica e atmosférica e facendo máis atractivo o entorno comercial da vila. Para isto son fundamentais os aparcadoiros coma o de Granitos de Galicia, Sar-

miento Rivera ou Alexandre Bóveda”, con estas accións, ademais, avánzase nalgúns dos compromisos adquiridos no Pacto polo Clima e trabállase no cumprimento dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostíbel (ODS 2030).

Por outra banda, e tamén con respecto ao estacionamento, Mera sinalou que na vindeira semana concluirán os traballos de soterramento da rede de calor e se recuperarán os aparcamentos da Avenida de Galicia e Carballos afectados polas obras.

Ponteareas tramitou un centenar de contratos para limpeza e prevención de lumes

Segundo informou a concelleira de Medio Ambiente, Rosa Covelo, o concello de Ponteareas xestionou durante 2020 máis dun cento de contratos entre a empresa pública SEAGA e veciñanza da parroquia de Padróns, para a limpeza e roza de parcelas situadas a carón de núcleos habitados e a prevención dos lumes forestais.

Estes contratos realizáronse no marco do convenio asinado entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e SEAGA.

A parroquia de Padróns foi a elixida para poñer en marcha esta iniciativa, ao tratarse dunha



das máis afectadas pola vaga de lumes de 2017. A intención do goberno local é estender pro-

gresivamente este sistema de prevención dos lumes forestais ao resto das parroquias.

Ponteareas executa o 45% dos fondos europeos



O goberno do BNG-PSOE de Ponteareas trasladou aos grupos da oposición o estado actual de execución da estratexia EDUSI. Así, informou que está en execución o 45% dos fondos europeos, que suman un total de 2.809.562€ e contratado o 53%, investidos.

O obxectivo é apostar por un futuro sostíbel con participación cidadá, no marco da estratexia de crecemento “Ponteareas, hábitat saudábel”. Como exemplo están as obras xa rematadas de mellora da eficiencia

enerxética da biblioteca pública, da escola infantil e do conservatorio municipal.

Na reunión tamén se informou que se vén de pechar o proceso de selección dun técnico de xestión específico para a EDUSI.

Ao longo deste ano arrincarán proxectos como o centro de emprendemento e a rehabilitación do futuro edificio cívico que ampliará e mellorará os servizos ofrecidos á cidadanía, entre outras obras e plans contemplados na estratexia EDUSI que contribuirán a revalorización da cidade.

O alumnado aprende a importancia da compostaxe



A concellería de Medio Ambiente, que dirixe Rosa Covelo, informa que se retomaron as actividades escolares sobre compostaxe impartidas dentro do Programa Revitaliza da Deputación de Pontevedra ao que está adherido o Concello de Ponteareas.

Esta vez, o persoal técnico do CEIDA levará os obradoiros didácticos sobre compostaxe aos rapaces de Educación Infantil do CEIP Nosa Sra. Dos Remedios onde aprenderán coa actividade “os bichocos e a composteca” para que

serve o compost, os animais implicados no proceso e a importancia de coidar a natureza.

En Ponteareas, dentro do Programa Revitaliza, levouse a cabo con éxito un proxecto piloto na Parroquia de Arcos, onde se repartiron composteiros individuais, xa que nas zonas rurais este tipo de compostaxe é a idónea. A concellería engade que tamén se está a fomentar a compostaxe no núcleo urbano coa instalación de centros de compostaxe comunitaria e adianta que está en proxecto a instalación de máis.

CONDADO/PARADANTA

PONTEAREAS

Ponteareas entrega os premios do I Concurso de Relatos Ilustrados de Nadal

A Concellaría de Cultura en colaboración coa Asociación Comercial Banastra organizou o I Concurso de Relatos Ilustrados de Nadal, ambientados en Ponteareas.

O concurso que contaba con tres categorías contou cunha ampla participación: 23 relatos na categoría adulta, 10 en categoría xuvenil e máis de 30 na categoría infantil.

O xurado, formado pola escritora María Lado, polo xornalista e escritor Manrique Fernández e polo catedrático de debuxo Berto Álvarez, salientou a calidade e o esforzo das e dos participantes por establecer unha simbiose entre os textos e as ilustracións que os acompañaban, sobre todo na categoría adulta.

Ante o nivel dos relatos, na categoría adulta, decidiuse dar un accésit.



CATEGORÍA INFANTIL

1º Premio: Roi Lamela Rodríguez co relato "Papá Noel e os toques de queda"

2º premio: Iria Barros Rodríguez co relato "Concurso de debuxos"

3º Premio: Zoe Rivas Rosende co relato "As Chamas"

CATEGORÍA XUVENIL

1º Premio: Lidia Martínez Pérez co relato "Un regalo de valor incalculable"

2º premio: Rebeca Núñez Álvarez co relato "Relato".

3º premio: Yanira Pérez Fernández co relato "A lenda do home de vermello"

CATEGORÍA ADULTOS

1º Premio: Isabel Blanco co relato "Cea de Nadal"

2º Premio: Alexandro Bouzo Otero co relato "Lupus"

3º Premio: María José Pérez Rodríguez co relato "A segunda oportunidade"

Accésit: Tere Ríos co relato "Uxía debuxa o Nadal".

ACiP denuncia que o Concello incumpre sentenzas xudiciais

Alternativa Cidadá de Ponteareas (ACiP) debeu acudir por terceira vez ao xulgado para esixir que se cumpra a sentenza do pasado 23 de Outubro de 2020, onde foi condenado o Concello de Ponteareas por ocultar documentación solicitada polo grupo Municipal ACiP sobre os partes da policía en quenda de noite dos meses de xullo e agosto.

O xuíz ditaminou na súa sentenza que o goberno municipal



tenta ocultar dita documentación. Isto, ademais de producir un desacatamiento a un mandato xu-

dicial, vulnera un dereito fundamental contemplado no artigo 23.1 da Constitución Española.

Concello aclara que ACiP ten ao seu dispor os partes da Policía solicitados

O concelleiro de Bo Goberno, Transparencia e Participación Cidadá do Concello de Ponteareas, Roberto Mera, aclarou que o Grupo Municipal ACiP ten os partes da Policía Local ao seu dispor nas oficinas do departamento, onde

poden examinalos libremente dende o mes de novembro. Toda vez, as fotocopias solicitadas non se poden entregar "por protección de datos".

Mera aclarou que "nin se oculta información nin se incumpren sentenzas" considerando que o

voceiro de ACiP, González Carrera, "deberá explicar á veciñanza porque non examina os partes que ten a súa disposición dende hai dous meses e só lle valen as copias físicas con datos que afectan á intimidade de multitude de persoas".

Ponteareas aproba en Pleno as contas de 2019

O Concello de Ponteareas celebrou o Pleno ordinario de decembro no que se deu conta da liquidación do orzamento de 2019 cun balance positivo.

O resultado orzamentario é de 708.228,52 euros, mentres o remanente de tesourería é de 631.538,13 euros, unha cifra positiva por terceiro ano consecutivo. O ratio de endebedamento é do 8,6%, 1.126.000€, moi por debaixo do máximo legal de endebedamento que é do 110% dos

ingresos correntes.

O goberno local tamén quixo destacar que, na execución do orzamento, Ponteareas bateu outro récord, acadou a cifra máis alta da historia do Concello na execución: 19.347.565,29. En canto á porcentaxe de obrigas recoñecidas que foron pagadas acadou o 95,71%.

Ademais de cumprir co obxectivo de estabilidade orzamentaria, é de destacar a capacidade de financiamento que chega aos 572.000 euros.

O PP critica a xestión das contas xerais 2019

O grupo provincial do Partido Popular alertou que a Conta Xeral do ano 2019 do goberno bipartito BNG-PSdeG tivera 83 modificacións orzamentarias segun o Informe da Interventora habilitada.

Denunciou que goberno municipal non explicou porque dun orzamento de 28 millóns de euros que manexou durante o ano 2019, só investiron 2 millóns, deixando sen executar 9 millóns.

Na Conta Xeral destaca o aumento de ingresos por impostos e taxas aos veciños, máis de 7,7

millóns de euros, un 30% máis que en 2013. Toda vez, o endebedamento crece ata os 2 millóns euros a base de firmar novos préstamos.

O PP denunciou tamén que o goberno municipal deixou sen contabilizar gastos e facturas por máis dun millón de euros, alegando que a interventora habilitada advertiu no seu informe a dinámica do goberno de realizar gastos con contratos irregulares e aumento das subvencións que non cumpren co procedemento legal de concorrencia competitiva.

PP Ponteareas critica a recadación municipal a base de sancións

O Grupo Municipal do PP alertou sobre o incremento na recadación municipal por parte do goberno bipartito (BNG-PSOE) a base de sancións a negocios de hostalería e multas de tráfico, cifrando as mesmas en case 400.000 euros.

O PP obtivo os datos de tres decretos asinados polo Alcalde, nos últimos doce meses, con expedientes sancionadores diferentes a multas de tráfico, e que supoñen máis de 215.000 euros en total, ao ser un por 112.708 euros, outro por 72.311 euros e un terceiro por 64.554 euros, descoñecendo se existen máis de-

cretos do mesmo tipo nestes meses. Por tanto, rexeitou as declaracións realizadas polo concelleiro nacionalista Roberto Mera de considerar como "falsos" eses datos.

Doutra banda, estarían as multas de tráfico para este ano 2020, que o PP baseándose en datos do ano anterior, cifrounas en 150.000 euros, dato confirmado polo propio concelleiro Mera.

Así mesmo, o PP ponteareán calculou que a recadación das sancións decretadas polo alcalde, que superan os 215.000€, serán ingresadas no Concello practicamente na súa totalidade.

PONTEAREAS

Miguel Rodríguez e Isabel Castro traen a Ponteareas a medalla de ouro do Campionato de España de Ciclocrós

O corredor do Club Ciclista Ponteareas e integrante da selección de Galicia, Miguel Rodríguez Novoa, logrou proclamarse, en Torrelavega, campión de España na categoría júnior masculina, con 14 segundos de marxe sobre o seu perseguidor tras un intenso duelo. Na categoría Máster50 feminina, Isabel Castro tamén obtivo o ouro, tras liderar a proba en solitario e chegar a meta con máis de seis minutos de vantaxe sobre a segunda clasificada.

A ponteareá Uxía Soto logrou a medalla de bronce na categoría



cadete feminina, na que tamén participou Vania Gregores, ambas como integrantes da Selección

de Galicia. Na categoría cadete masculina participou Xano Gil, do Club Ciclista Ponteareas.

O Pontebike Team de Ponteareas incorpora ao campión galego Óscar Barciela



O Club de Enduro/ Dh de Ponteareas, Pontebike Team, incorporou ao seu equipo ao Campión Galego de Motocrós e Supercrós, Óscar Barciela Fernández, para a Tempada 2021, así como creou o seu Equipo de competición na Real Federación Española de Ciclismo, denominándoo Pontebike Team-Sportskids.

Barciela foi Campión galego

de Motocrós e Supercrós categorías 85cc e 250cc, Subcampión Nacional Portugués de Motocrós 85cc 2010, Campión Nacional Portugués de Supercrós 85cc 2010, 7º Clasificado Kawasaki Team Green Cup Copa Monomarca 2011. Óscar incorpórase ás filas do Pontebike Team despois de pasar unha tempada no Espectáculo Elekron de Macao (China), como rider.

Club Natación Ponteareas, campión galego na clasificación conxunta

A concellaría de Deportes, que dirixe en funcións Miguel Bouzó, en nome de todo o goberno municipal, felicitou ao Club Natación Ponteareas que se alzou co título de campión galego na clasificación conxunta.

Do mesmo xeito, felicitou ás súas nadadoras Sofía Carballo por acadar a medalla de ouro e o título de campioa galega en 50, 100 e 200 braza e Carla Faro nos 100 estilos; e ao nadador Pablo Cabana que se fixo co título de campión galego e medalla de ouro nos 200 Bolboreta. O club ponteareán tamén se fixo co sub-campionato na categoría feminina.

O director técnico do club, Andrés Carrera, amosouse moi satisfeito por este resultado e pola actitude positiva de todos os integrantes do equipo.



A veciñanza pode gozar do vídeo do Calendario Galego de Ponteareas na web e redes sociais do Concello

Ao non ser posíbel a presentación presencial, o Concello difundirá a través das novas tecnoloxías o seu Calendario Galego e así chegar a todas as ponteareás e a todos os ponteareáns que se atopan tanto na nosa vila como en diferentes lugares do mundo.

O Calendario Galego de Ponteareas difunde, cada ano, algúns dos principais elementos que forman parte dos nosos sinais

de identidade.

Como novidade, un sistema de xeolocalización acompaña cada fotografía para facilitarlles a súa visita a aquelas persoas que desexen coñecer estes fermosos lugares, que ademais van acompañados dun texto explicativo coa información máis destacada.

O Concello lembra que nos podemos facer cun exemplar na Biblioteca Pública Municipal ou na propia Casa do Concello.

PINTURAS
BARCO LEÓN

PINTURA PLÁSTICA - BARNICES
ESMALTES - PAPELES

Los precios más baratos del mercado

PINTAMOS SU CASA . PÍDANOS PRESUPUESTO

Paseo Matutino, 2 . 986 650 920 - 694 421 045 . Ponteareas
Villanueva, 18 . 986 651 145 - 609 366 364 . A Cañiza

M
INMOBILIARIA
MERCA VENDA

Casas
Locales
Fincas
Pisos

Ventas
Alquileres
Tasaciones
Presupuestos

Telfs: 986 642 510 - 645 882 020

Avenida Rosalía de Castro nº4, bajo, 36860 Ponteareas
mercavenda@mercavenda.com - www.mercavenda.com

CONDADO/PARADANTA

SALVATERRA DE MIÑO

O Concello reúne con Conservas Albo para ultimar a súa instalación na Plisan

A semana pasada a Alcadesa de Salvaterra de Miño, Marta Valcárcel, o 1º Tenente de Alcalde, Ernesto Groba e a Técnica en orientación laboral, mantiveron unha xuntanza có equipo directivo de Conservas Albo có gallo de ultimar os preparativos para o inicio das obras da construción da nave de dita empresa na PLISAN. Está previsto que as obras de construción das novas instalacións da conserveira comencen en breve e que estean rematadas a principios de 2022, co fin de por en funcionamento a que será unha das maiores fábricas e máis competitivas, despois de que a finais do mes de decembro se lle concedera, a través da Xunta de Goberno Local, a preceptiva licenza de obras.

A instalación efectiva de Albo suporá un pulo importante ao emprego en Salvaterra e na súa contorna e nese senso, marcarase unha liña de traballo coordinada e efectiva entre o Concello e o departamento de recursos humanos da empresa que buscará dar resposta as demandas efectuadas pola multinacional a través do departamento de Orientación laboral do municipio, un servizo que o Equipo de Goberno puxo

en funcionamento este ano e que cre que é esencial, neste momento máis ca nunca, co fin de xerar sinerxías e dar respostas as demandas reais dos seus veciños e veciñas e do propio tecido empresarial.



As persoas interesadas poderán pasar pola recepción do concello e solicitar cita previa para deixar o seu cv e ter unha entrevista coa Técnica en orientación.

As persoas interesadas poderán pasar pola recepción do concello e solicitar cita previa para deixar o seu cv e ter unha entrevista coa Técnica en orientación.

Asínase a acta de replanteo da rehabilitación interior do antigo concello como nova biblioteca

Asínabase dentro do antigo edificio do Concello de Salvaterra, por parte da Xunta de Galicia e os técnicos, a acta de replanteo da obra de rehabilitación para a creación da nova Biblioteca Pública, que comezará en breve.

Esta obra executarase a través do "Plan Hurbe" 2019-2020 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda a través da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e o Concello de Salvaterra de Miño que fará a súa aportación a través do Plan Concellos da Deputación de

Pontevedra, cun prazo de execución de 9 meses.

As obras principais serán o acondicionamento do espazo interior da antiga edificación do Concello, dotando ao edificio de todas as esixencias coa demolición e creación de novas escaleiras, a instalación dun ascensor, substitución do forxado da primeira planta e do pavimento, dos revestimentos actuais, tabiquería divisoria e do falso teito que permitirá crear un espazo dinámico e adaptado as necesidades actuais da poboación do municipio.

A biblioteca pretende dar



resposta á nova demanda, creando unha zona específica para os máis cativos na primeira planta que permitirá adaptar as actividades que se realizan dun xeito máis dinámico e interactivo cos nenos e nenas a través de obradoiros e outras

actividades. Nesa mesma planta irá ubicada a zona de consulta tanto de libros como de informática. O segundo andar estará reservado a zona de estudo e contará cunha sala independente que permita preparar presentacións e traballos en grupo.

Compra dos terreos para a depuradora do Mendo

O Concello de Salvaterra de Miño, dentro do seu programa para incrementar a rede de saneamento municipal, ven de rematar o procedemento de compra, coa escrituración de 14 fincas (máis de 4.000m²) onde se ubicará a futura depuradora do Mendo e que dará saída a rede de saneamento das parroquias de Fiolledo, Meder, Leirado e Soutolobre, que teñen as liñas xerais instaladas e na cal verterá tamén a parroquia de Oleiros.

Unha inversión de máis de 23.000€ para adquirir os terreos necesarios cara a construción dunha infraestrutura prioritaria para o Equipo de Goberno como é a Depuradora do Mendo, unha obra valorada en 1.869.308,84€.



Capital histórica do Condado



CONCELLO DE
SALVATERRA DE MIÑO

Expediente contra Mondariz Balneario polo estado ruinoso do Hotel Roma

A plataforma SOS Fonte de Troncoso pediulle á Valedora do Pobo, María Dolores Fernández Galiño, que investigase se as administracións competentes (Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e Concello de Mondariz Balneario) impuxeron a unha promotora inmobiliaria radicada en Vigo, as multas coercitivas pertinentes que establece o art. 136.4 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia ante o estado de ruína do inmovible do Hotel Roma en Mondariz Balneario.

O Catálogo de bens a protexer do Plan de Ordenación do Medio Rural de Mondariz Balneario aprobado no ano 2001 recolle ao Hotel Roma, inaugurado en



1907, como ben cultural obxecto de protección. En outubro de 2019 a plataforma presentou unha denuncia ante a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia polo estado ruinoso deste ben protexido, sen obter resposta, razón pola que presentaron a queixa ante a Valedora do Pobo.

A consecuencia, a Valedora do Pobo comunicou que "dámola por admitida ao entender que reúne os requisitos formais recollidos no artigo 18 da Lei da Valedora do Pobo, e que atopa, en principio, cobertura constitucional derivada do artigo 103.1 da Constitución."

As Neves aproba o seu orzamento 2021

A proposta de orzamentos municipais para 2021 foi aprobada na sesión extraordinaria do Pleno, cos votos a favor dos grupos do goberno (BNG e PSDG-PSOE) e o rexeitamento da oposición (PP e concelleiro non adscrito).

Así, o orzamento ascende á contía de 2.531.000,00 €, destacando o aumento nun 17% do gasto asumido en actuacións de protección e promoción social, nomeadamente o Servizo de Axuda no Fogar. Créase tamén unha partida nova para Emerxencia



Social, e mantense o compromiso de colaboración coas comunidades de augas, coa achega de 20.000 € para subvencións a conceder por concorrencia competitiva.

Contéplanse tamén no documento cantidades destinadas

a co-financiar proxectos subvencionados por outras administracións e a redacción de proxectos a presentar en convocatorias de axudas. Tamén asígnanse as subvencións a entidades ou asociacións sen fins de lucro, concedidas por concorrencia competitiva, excepto a cantidade para subvención destinada á Asociación da Banda de Música de Rubiós de 51.000,00 € por contar coa escola musical, e medidas de prevención aprobadas para a loita contra a COVID19.

Ponteareas e As Neves inauguran obradorio de emprego

A alcaldesa en funcións do Concello de Ponteareas, Cristina Fernández Davila, e a concelleira de Emprego e Formación, Vanesa Fernández, inauguraron no Centro de Desenvolvemento Local o obradorio de emprego Coidar de Nós III acompañados da delegada territorial da Xunta en Pontevedra, Luísa Piñeiro, e do alcalde das Neves, Xosé Manuel Méndez.

Cun investimento de arredor de 375.000€ e o apoio da Consellería de Emprego e Igualdade,

este obradorio formará a vinte persoas desempregadas dos concellos de Ponteareas e As Neves. Este é o sexto obradorio de emprego consecutivo, permitindo a inserción laboral a máis de 120 persoas.

Esta iniciativa manterá os módulos de Atención Socio sanitaria a Persoas no Domicilio e Institucións e Repoboación Forestal e Tratamento Silvícola, e tamén dará oportunidade laboral a dez técnicos entre profesorado e dirección e administración.

Rematadas as obras da Area Recreativa de Bouza de Miguel



O Concello de Arbo coa colaboración da Deputación provincial de Pontevedra acometía as obras de mellora no Parque Forestal "Bouza de Miguel".

Esta actuación, que supuxo unha inversión de 31.212,88 € na parroquia de Santa María de Arbo, remataron a pasada semana.

A mellora do Parque Forestal de Bouza de Miguel, supón unha

mellora medioambiental e do uso público do parque Forestal, que permitira aos veciños e veciñas de Arbo unha zona de ocio e para os visitantes que durante o ano visitan Arbo, ter un motivo máis para achegarse a o noso Concello. Así con este fin, no Convenio asinado coa CMVMC establécese unha cesión mínima para o uso xeral de ditos terreos por cinco anos



Comunidades, colegios, oficinas, moquetas, abrillantado de suelos, primeiras obras, fachadas

986 661 052 limpiezasponteareas@gmail.com

Rúa As Lavandeiras, 3 bajo Ponteareas

Talleres
Guiller Motor



Venta de vehiculos usados

Puzo-Lira, 24
36459 SALVATIERRA
(Pontevedra)

Tel./Fax 986 66 15 41



CONDADO/PARADANTA

Mondariz e Covelo inauguran o obradoiro dual "Medrando entre todos/as"

Os Concellos de Mondariz e de Covelo inauguraron oficialmente este 30 de decembro de 2020 o obradoiro dual "Medrando entre todos/as". O acto, celebrado na sede da Escola Municipal de Música de Mondariz (antigo C.E.I.P. Riofrío-Vilar) contou coa presenza da delegada territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra, Luisa Piñeiro, do alcalde de Covelo, Pablo Castillo, e do alcalde de Mondariz, Xosé Emilio Barros.

Nas últimas semanas ultimáronse os procesos de selección de candidatos/as para as 10 prazas da especialización en atención socio-sanitaria, as 10 prazas da especialización en traballos forestais



e de xardinería, e as 6 prazas de administración e docencia. Dos 26 contratos que se asinaron, cinco corresponden a homes e 21 a mulleres.

A iniciativa conxunta, que conta cun orzamento de 359.946,00 eu-

ros, está financiada principalmente pola Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía, Emprego e Industria, aínda que os concellos de Mondariz e Covelo tamén contribúen cunha achega de capital e outros recursos municipais.

Rematadas as obras de renovación da tubería de abastecemento á parroquia de Vilar

O concello de Mondariz ven de rematar as obras de renovación da tubería de abastecemento á parroquia de Vilar. As innumerables ruturas ao longo do trazado no que se actuou, provocadas polo recheo de zanzas realizado no seu día con materiais impropios e pedra da propia excavación, producían multitude de averías ao paso dos vehículos pola estrada, coas seguintes incomodidades para os veciños e dus elevados custes económicos nas reparacións das mesmas.

En concreto as obras consistiron na demolición do firme, na retirada da anterior canalización,

na reposición de novas tuberías de polietileno de alta densidade de 75 mm de espesor, con desvíos de 63 mm nos cruzamentos, así como a conseguinte reposición do firme con aglomerado ou formigón, según o caso, na marxe dereita da estrada provincial EP 4302, ao longo dun trazado duns cincocentos metros.

As obras, licitadas por un importe de 32.798,26 €, dispoñen dunha garantía de 12 meses.

Estas obras enmárcanse nos planes municipais de atención e modernización de servizos. O Concello pretende dar continuidade a este tipo de obras mantendo unha liña anual de inversión diri-



gida á renovación e mellora das infraestruturas máis básicas, debido ao alto grado de deterioro e as necesidades de renovación nos principais servizos do concello.

AGRELAR propón dinamizar o comercio local ante a campaña da lamprea 2021

O Grupo Municipal de Agrupación de Electores de Arbo (AGRELAR) propuxo ao Concello a dinamización da economía local, afectada pola COVID-19, a través dunha campaña de divulgación nos medios de comunicación sobre o valor da lamprea de Arbo e as condicións

de seguridade dos restaurantes.

Propuxo neste sentido un 10% de desconto de cada lamprea servida por restaurantes e un desconto do 10% dos viños de Arbo adquiridos nos restaurantes ao comer a lamprea. Tamén propuxo a posibilidade do reparto a domicilio da lamprea fóra de Arbo, para poten-

ciar o consumo de proximidade.

AGRELAR denunciou así mesmo que o PP rexeitou a discusión nun pleno municipal como moción de urxencia da adopción de medidas para a posta en valor da lamprea de Arbo e do seu consumo en condicións de seguridade sanitaria na restauración na campaña 2021.

Rehabilitado o Muiño de San Xoán en Arbo



Debido a danos causados por actos vandálicos, o Concello de Arbo rehabilitou o muiño de San Xoán de Arbo, un patrimonio etnolóxico que data do século XV e situado nun dos lugares máis emblemáticos do municipio, ao carón da Ponte Románica de San Xoán.

As obras ascenderon a 15.651,25 euros, financiada ao

100% con cargo aos fondos propios do Concello, tras ingreso da compañía aseguradora realizado en abril de 2020, que deu lugar ao correspondente expediente de contratación, no seu momento paralizado polo polo Estado de Alarma.

Igualmente, remataron as obras de recuperación do Palco de San Benito, realizadas por unha empresa local.

Arbo inviste mais de 19.000€ na mellora do casco urbano

Gracias a unha subvención da Deputación de Pontevedra no marco do Plan Concellos, o Concello de Arbo impulsou a liña de investimentos do Concello en Parque PAI Barcela e zonas Públicas Casco Urbano.

Así, procedeuse a colocar novas xardineiras, bancos e pa-

